

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2011**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta e un de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 24 de agosto de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Cima de Vila + Tabernas + Toiriz, parroquia de Santiago de Piúgos, cunha superficie de 1.874,34 m<sup>2</sup>, en dúas parcelas, parcela A cunha superficie de 861,36 m<sup>2</sup> e parcela B cunha superficie de 1.012,98 m<sup>2</sup>.; para demolición de edificación existente e construción de dúas vivendas unifamiliares apegadas, na rúa do Portiño, número 18; para instalación dun ascensor no edificio existente, coa licenza anterior número 603/89, sito na rúa Alexandre Bóveda, número 53; para instalación de ascensor en edificio existente, coas licenzas de obras números 360/88 e 289/89, sito na rúa Estaca de Bares, números 23-25; para apertura de 3 fiestras na fachada da nave industrial, construída coa licenza de obras número 291/91, sita na rúa da Industria esquina rúa do Vidro, parcela 106 e para legalización de entresollados sen uso específico, vinculados a locais de planta baixa, así como modificación de planta terceira e aproveitamento baixo cuberta para ampliación das vivendas de planta terceira (dúplex), no edificio construído coa licenza municipal número 480/92, para un total de 27 vivendas, sito na rúa río Mandeo números 36-42 e rúa Pousadela números 30-32.

### **ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21**

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias “LMTS (20 KV) provisional a CT Álvaro y CT San Fiz”.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a distintas dependencias municipais, que colaborará nas obrigas do Concello de Lugo, por mor da celebración das Eleccións Xerais que se celebrarán o día 20 de novembro e a aprobación da forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do Servizo de Información Turística do Concello de Lugo e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación do proxecto complementario de melloras na contratación do servizo para a redacción de proxecto dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil sito en San Fiz na parcela 10-B do quinceiro a do plan parcial de ordenación do sector Sur-K así como a dirección de obra.

Acórdase a aprobación do proxecto de obras de “rehabilitación de ‘A Ponte Vella’ de Lugo”.

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE**

**5. XUVENTUDE.-** Acórdase aprobar a solicitude á Xunta de Galicia do recoñecemento oficial para o punto de información xuvenil da Casa da Xuventude.

### **ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA**

**6. CEMITERIO.-** Acórdase a resolución do recurso extraordinario de revisión formulado contra o Decreto 491/2009, do 8 de setembro, do Libro de Resolucións de Cemiterio.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a prórroga por un prazo máximo de 6 meses, contados dende o 17/09/2011 ou prazo inferior ata a adxudicación do novo contrato da xestión do servizo público de axuda no fogar no Concello de Lugo: lote 1 SAF.
- Aprobase o Convenio de colaboración entre e a Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, S.A. (Acuanorte) e o Concello de Lugo, para a execución e explotación das obras “Colectores generales del río Miño en Lugo (segunda fase)”.

Lugo, 1 de setembro de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García